

Noticias acerca de Manuel Lois Vázquez e a súa obra

Teresa Monteagudo

RESUMO

Mª Teresa Monteagudo achega nesta nota algunhas precisións bio-bibliográficas de Manuel Lois Vázquez. Advirte do interese histórico-etnográfico da obra deste autor e valora os textos que considera máis significativos.

ABSTRACT

Mª Teresa Monteagudo focusses on certain bio-bibliographical aspects about Manuel Lois Vázquez. She comments on the historical and ethnographic interest of the work by this author. Finally, she gives an account of the texts that she considers to be the most significant.

Algunhas precisións biográficas

En 1999 cumprírase o centenario da morte deste médico, natural de Maside, de quen conservamos un interesante testemuño sobre os textos que constituíron o panorama literario galego dos últimos anos do século pasado.

Trátase dun autor pouco coñecido, como testemuñan as mencións contradictorias, e en moitos casos erróneas, que reseñan a súa contribución ás nosas letras.

Os datos recollidos por Eugenio Carré Aldao¹ na súa *Literatura Gallega* son escasos pero precisos. Alí dáse noticia de dous libros seus e os datos correctos das correspondentes edicións: *Brisas gallegas* (Lugo, 1890) e *Horas perdidas* (A Coaña, 1899).

Posteriormente, Couceiro Freijomil² recolle unicamente datos parciais da súa produción e mesmo erra na datación do seu pasamento. Estes datos son

1. Eugenio Carré Aldao, *Literatura Gallega*, Barcelona: Maucci, 1911, p. 557.

2. Antonio Couceiro Freijomil, *Diccionario Bio-bibliográfico de escritores*, vol. II, Santiago: Editorial de los bibliófilos gallegos, 1952, p. 294. «Lois Vázquez, Manuel. Nació en Maside (Orense), donde murió muy joven, en 1889. Era allí médico municipal. Colaboró en *O Tío Marcós da Portela*, *O Galiciano*,

reproducidos posteriormente na Gran Enciclopedia Gallega³, que o utiliza como fonte.

Nicanor Rielo Carballo⁴, na súa publicación *El libro lucense (1495-1936)*, recolle no parágrafo 542 a figura de Manuel Lois Vázquez, e reseña unicamente a publicación do seu primeiro libro *Brisas gallegas*, datado correctamente no 1890, e mesmo engade algúns datos da edición.

A aportación do profesor Carballo Calero⁵ tampouco é afortunada, pois reproduce os erros dos estudiosos precedentes.

Os datos recollidos no *Diccionario de escritores en lingua galega*, de Francisco Fernández del Riego⁶, aínda parecen máis confusos, pois sinalan como lugar de nacemento a vila de Maceda e datan a súa morte dez anos antes do sucedido, 1889.

Moi ilustrativa para o noso traballo foi a descuberta de dous artigos de xornal, o primeiro editado no Suplemento «Fin de Semana», do xornal ourensán *La Región*⁷, onde se publicou un artigo de X. Anxo G. Novoa titulado «Don Manuel Lois Vázquez, médico y poeta masidao», no que se recollen interesantes datos da biografía do autor. Posteriormente, o periodista masidao Xosé Ricardo Rodríguez Pérez⁸, nese mesmo xornal ourensán, publica un artigo tamén titulado «Manuel Lois Vázquez, médico e poeta masidao», onde confirma os datos aportados por X. Anxo G. Novoa e engade algunhas precisións cronolóxicas, así como datos da súa propia colleita.

Recentemente, Xosé Álvarez González, no seu libro *Faragullas de historia* (Ourense, 1995: pp. 141-142), recupera novamente datos equívocos da produción literaria de Manuel Lois, e afirma que o seu libro, que el chama erroneamente *Brisas Galegas*, foi editado en Lugo no 1910. Dá noticia tamén das obras *Horas perdidas* e *Leyendas e poesías*, aínda que sen aludir á súa publicación. E dinos que tamén publicou: 'A Ruada', 'A Sacha', 'O Fiadeiro', 'A Trullada', 'A Romaría', 'A Miña Gaita', 'Ó pé do Mar', 'Cásome', etc., sen indicar de qué tipo de composicións literarias se trata.

Será o *Diccionario da literatura galega I. Autores*, coordinado por Dolores Vilavedra⁹, a publicación bio-bibliográfica que nos aporte a información máis

etc. Publicó: 1. *Horas perdidas* (Coruña, 1889). Bilingüe, en verso y prosa. 2. *Brisas gallegas* (Lugo, 1890). En verso, con prólogo de Juan Sieiro. Dejó inéditas: *Ensayos literarios. Suspiros del corazón*, poesías en gallego y castellano, y *Don Diego López Pindo*, leyenda en verso castellano. Firma estas obras en Maside en 22 de mayo y 6 de agosto, respectivamente, de 1886.

3. AA. VV. *Gran Enciclopedia Gallega*, Santiago de Compostela/Gijón: Silverio Cañada Editor, 19, 1974, p. 124.

4. Nicanor Rielo Carballo, *El libro lucense (1495-1936)*, Sada, A Coruña: Edición do Castro, 1982, p. 291 [= Cuadernos do Seminario de Sargadelos, 43]

5. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, Vigo: Galaxia, 1981³, p. 463.

6. Francisco Fernández del Riego, *Diccionario de escritores en lingua galega*, Sada, A Coruña: Edición do Castro, 1990, p. 631. «Manuel Lois Vázquez. Naceu na vila ourensá de Maceda. Finou tamén aquí, en idade moza, no ano 1889. Desempeñaba o cárrago de médico municipal da localidade. Colaborou en *O Tío Marcos da Portela* e en *O Galiciano*. Escribiu un libro bilingüe, en verso e prosa, co título de *Horas perdidas*. Deixou inéditas dúas obras de poesía, en gallego e castelán».

7. *La Región*, Suplemento «Fin de Semana», 26 de agosto de 1988, p. 28.

8. *La Región*, 27 de agosto de 1989, p. 14.

9. Dolores Vilavedra (coord.), *Diccionario da literatura galega I. Autores*, Vigo: Galaxia, 1995, pp.

completa, a pesar de non dicir nada sobre as datas de nacemento e morte do autor e de manter a incorrecta data de edición do seu derradeiro libro.

Polas nosas investigacións¹⁰, sabemos que Manuel Lois Vázquez, naceu o 29 de xaneiro de 1868 en Maside (Ourense) estudou no Colexio-Seminario Menor de Nosa Señora dos Milagres e, posteriormente, no Instituto de Bacharelato de Ourense, onde acadou o grao de bacharel no ano 1883. Cursou a carreira de Medicina en Santiago e Valladolid, e logrou a titulación nesta cidade en xaneiro de 1896. Exerceu como médico municipal en Maside dende outubro dese mesmo ano ata o mes de xuño de 1899, cando o sorprendeu a morte con soamente 31 anos, vítima da tuberculose. Ó seu paso polo Instituto de Ourense coñeceu a Xoán Sieiro¹¹, director do Instituto, tamén de Maside, que prologou o seu primeiro libro, *Brisas gallegas*, e poida que fose unha das persoas máis influíntes na súa ideoloxía e formación. Tamén foi alumno de Saco e Arce, que impartía a asignatura de gramática naquel momento no Instituto, compañeiro de Heráclio Pérez Placer, con quen mesmo mantivo unha polémica recollida en dous artigos da revista ourensá *Album literario*¹² e foi amigo do poeta Alberto García Ferreiro. Ademais estivo en contacto con xente moi significativa para a cultura galega naquel momento, como testemuñan as dedicatorias dos seus escritos.

A súa produción literaria

Da produción literaria de Lois Vázquez conservamos dous libros de poesía: *Brisas gallegas*¹³ e *Horas perdidas*¹⁴. Tamén se deu noticia doutras dúas pezas¹⁵ datadas no ano 1886: *Ensayos literarios. Suspiros del corazón*, libro de poemas en galego e castelán, e *Don Diego López Pindo*, lenda en verso escrita en castelán; ámbalas dúas aínda hoxe inéditas.

Brisas Gallegas publicouse cando o seu autor só contaba vintedous anos. É un poemario elaborado baixo o influxo dunha estética romántica tardía. Recoñécese o influxo de Bécquer, de Rosalía, etc., combinado co gusto popularista que caracteriza os seus escritos en prosa. O seu prologuista e mestre do Instituto de Segunda Ensenanza de Ourense, Xoán Sieiro, xa citado, afirmaba que: «Sus cantares, sus

10. Contei coa xenerosa axuda do profesor Modesto Hermida García e Gonzalo Navaza Blanco, profesor da Universidade de Vigo.

11. Xoán Sieiro González, naceu en Maside o 2 de febreiro de 1835, fillo do boticario Xoán Sieiro. Cursou bacharelato no instituto de Ourense e Teoloxía no seminario, aínda que non chegou a ordenarse. Nos anos sesenta desprazouse a Madrid, remata Filosofía e Letras e entra en contacto cos ambientes progresistas do momento. Preocupado polo ensino, moveuse nos círculos krausistas, precursores da Institución Libre de Ensenanza, e fundou en Madrid un colechio con esa ideoloxía onde impartían clases algúns dos que serían importantes personalidades progresistas. Sieiro volveu de novo a Galicia como catedrático de Instituto en Pontevedra primeiro e logo trasladouse a Ourense, onde publicou a maior parte da súa obra *Sociología* (Vid. Ramón López Vázquez, *A filosofía krausista en Galicia*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias «Ramón Piñeiro», 1994, pp. 11-19).

12. *Album literario*, 75, 7 de xullo de 1889, 83, 1 de setembro de 1889.

13. *Brisas gallegas*, Lugo: Tipografía de Gerardo Castro, 1890.

14. *Horas perdidas*, La Coruña: Imprenta y librería de E. Carré, 1899.

15. Noticia recollida do *Diccionario Bio-bibliográfico de Escritores*, de Antonio Couceiro Freijomil, cit. vol. II, p. 294.

penas, sus alegrías todas están impregnadas del ambiente local. ¡Qué candor en las palabras, que suavidad en las tintas, que colorido en las descripciones, que viveza en los cuadros!»¹⁶.

O seu segundo libro, *Horas perdidas*, dedicado á súa moza, Luísa Arroyo de la Torre, recolle unha serie de composicións, na súa maioría xa publicadas en revistas e xornais. Responden a unha tipoloxía moi heteroxénea e foron elaboradas en distintos momentos da súa vida, como el mesmo reconece no prólogo: «Momentos de aburrimiento pasados delante de la mesita que cuidadosamente cubría la patrona con un pedazo de tela de sobrecamas; entretenimientos para no despecharse ante las deficiencias culinarias, momentos de engañarse uno a sí mismo, creyendo *dar golpe*, mientras se tiraba á un lado la historia clínica, ó se abandonaba la sala de operaciones, en fin, horas perdidas...»¹⁷. Son, pois, poemas de xuventude moi pouco elaborados e de escaso valor artístico, como el mesmo nos adianta no prólogo: «Si en ellos no encuentras los artificios del arte, las filigranas de la frase, ni la elevación de pensamientos, conténtate con la buena intención que me indujo á publicar *Horas perdidas*, pues aquello lo encontrarás en obras trazadas por los que han conquistado puestos eminentes en el Parnaso»¹⁸.

Resultan de grande interese as dedicatorias dos seus poemas para establecer cáles foron os intelectuais e galeguistas cos que estivo en contacto, a súa maioría escritores e xornalistas cos que comparte a militancia no movemento rexionalista e a súa ideoloxía progresista. Parécenos significativo que o seu primeiro libro se inicie cuns versos de Alberto García Ferreiro¹⁹, que, en palabras do profesor Carballo Calero²⁰, era un dos 'diáconos i epígonos' de Curros e da súa liña de poesía civil de orientación progresista. Por outra banda, no prólogo deste libro recóllense ideas moi progresistas acerca da lingua e a súa defensa. Polo contido e polo título, a súa «Introducción», pode relacionarse coa de Curros en *Aires da miña terra*, un canto á «céltica Galicia», «Suevia amada» e mailo seu idioma.

O poema «O pé do mar», escrito en Vilagarcía en 1885, dedícao «ó amigo o poeta Manoel Núñez González²¹». Este avogado e rexistrador da propiedade nacera en Vilardevós (1865-1917). Publicou en *O Tío Marcos d'a Portela* e na pontevedresa *O Galiciano*. Os seus escritos reflicten o seu patriotismo, o seu sentido da xustiza social, a súa visión dos amores traizoados e un lirismo subxectivo que se podería emparentar coa estética de Manuel Lois Vázquez.

A composición titulada «¡Adiós!», datada en 1887, dedicada «ó poeta galiciano Albino Simán Pintos» (1868-1890) é unha despedida de Maside ó estilo do «Adiós, ríos; adiós, fontes» de Rosalía -da que mesmo copia algún verso.

16. P. 16 do prólogo a publicación *Brisas Gallegas*

17. P. VII do prólogo a publicación *Horas perdidas*.

18. P. VIII do prólogo a publicación *Horas perdidas*.

19. Naceu en Ourense en 1860. Licenciado en Dereito pola universidade de Santiago, exercerá a avogacía en Ourense onde tamén se dedicou ó xornalismo fundando e dirixindo varias publicacións. Colaborou na revista *O Tío Marcos d'a Portela* ata a súa desaparición no 1889 e foi autor de tres coleccións de poesías *Chorimas*, *Volvoretas* e *Follas de papel*. Finou en Santiago no ano 1902.

20. Ricardo Carballo Calero, *Historia da literatura galega contemporánea*, cit., pp. 130 e 446-449.

21. *Ibidem*, p. 490.

«A miña gaita», datado en Maside en 1888, vai dedicado «ó meu amigo o poeta Roxelio Lois», que foi refundador e director da revista *O Galiciano* desde 1887.

«A miña noiva» (a poesía), datado en agosto de 1887, aparece adicado «ó amigo o periodista gallego F[rancisco] Portela Pérez²²», pontevedrés que gozaba de recoñecido prestixio desde que en 1882 publicara na súa cidade unha das máis coñecidas antoloxías do rexurdimento: a *Coleución de poesías gallegas d'algúns autores*.

«Amor pratónico» é un poema narrativo datado en Maside en 1887, dedicado «O meu condiscípulo o poeta Cesáreo López Pinal²³», moi posiblemente compañeiro del no instituto de Ourense. Colaborador en *O Tío Marcos d'a Portela*, onde se recollen os seus poemas nos anos 87, 89 e 90.

«Despedida de Safo» vai dedicado «á laureada poetisa Filomena Dato Muruais²⁴», escritora ourensá e amiga de Lamas Carvajal que gozaba de grande prestixio no mundo literario galego polas súas columnas en *El Heraldo Gallego*.

«Cartas sin resposta» é unha serie de cinco poemas costumistas longos que van dedicados a Alberto García Ferreiro, a quen xa temos aludido.

«Parodia d'a Vida d'o Campo de Fray Luis de León», datada en Santiago en 1888 dedícalla «ó enxebre amigo Don Rufino Rivera, fundador d'O Galiciano»

Estas dedicatorias, que constitúen só algúns exemplos, testemuñan cáal foi o ambiente no que se moveu o autor, os contactos e a súa amizade cos galeguistas do momento que puideran ter influído na súa produción.

O seu segundo libro, *Horas perdidas*, constitúe unha mestura bilingüe de verso e prosa, composta entre os anos 1888 e 1895. Presenta unha única dedicatoria inicial á moza con quen ía casar, Luísa Arroyo de la Torre, e inclúe detalles biográficos interesantes, como por exemplo, os actos composteláns nos que participa.

Pero xa con anterioridade publicara en diversas revistas da época algúns textos en prosa que pensamos requiren unha maior atención da que se lle dispensou ata o momento²⁵; non tanto pola súa calidade literaria, coma polo seu carácter de testemuño dunha época.

Os primeiros relatos curtos de Manuel Lois Vázquez apareceron na publicación ourensá *O Tío Marcos d'Portela*. «A muiñeira»²⁶ é un canto a esta música tradicio-

22. Ibidem, p. 506. «Francisco Portela Pérez naceu en Pontevedra no 1862, e morreu na mesma cidade en 1918. En 1886 fundou o semanario *A tía Catuxa*. Colaborou en toda a prensa galeguista, como *O Tío Marcos d'a Portela*, de Lamas; *A Monteira*, de Amador Montenegro; *Galicía*, de Martínez Salazar; *Revista gallega*, de Salinas; e, por suposto, *O Galiciano*, de Pontevedra. Publicou unha *Coleución de poesías gallegas d'algúns autores*, Pontevedra, 1882 e un cadro de costumes en prosa que nos presenta o desenvolvemento tópicu dunha romaría galega titulado *Notas descritivas sobre as romarías en Galicia*, Pontevedra: Imprenta e comérceo d' Andrés Landín, 1896.

23. Ibidem, p. 467.

24. Ibidem, p. 453.

25. Vid. Modesto Hermida García, *Narrativa galega: tempo do Rexurdimento*, Vigo: Edicións Xerais, 1995, pp. 21, 99-101 e 207-208.

26. Parrafeo 152, 31 de outubro de 1886.

nal popular galega e paralelamente á nosa terra. A peza que leva por título «Recordos²⁷» recolle o lamento expresado por un home que aínda segue namorado dunha amada que finou prematuramente. Tamén moi breve é o relato «O Riveiro d'Avia»²⁸, que canta as paraxes idílicas deste lugar e as súas xentes.

Posteriormente, nesa mesma revista, recóllese a breve novela «¿Amarte?... ¡Sempre!²⁹», composición moi do gusto romántico que tanto agradou ó escritor. Ten por tema tamén un amor imposible, nesta ocasión porque a amada casou con outro home por imposición familiar.

O ano seguinte publica «Detrás d'us tempos...», unha crónica costumista acerca do Santiago no que el estudiaba; texto carente dun apreciable interese literario. A finais dese mesmo ano ve a luz a súa primeira lenda, titulada «O Cruceiro de San Lourenzo³⁰». Nela recolle novamente a historia dun amor imposible que remata traxicamente. Este relato amosa numerosas coincidencias coa novela «¿Amarte?... ¡Sempre!».

A súa primeira novela histórica «A reina Loba³¹», da que publicou os seus primeiros catro capítulos no semanario *O Galiciano*, aparecerá posteriormente completa en *O Tío Marcos d'a Portela*. Nel cóntase a desordenada vida da filla do Conde Deza, nobre da corte sueva durante o reinado de Hermengario O Xusto.

No semanario lugués *A Monteiro*, publicou ó longo do ano 1890 a súa segunda lenda histórica «Alira de Elfe³²», o seu relato máis longo, editado en IX entregas. Tamén está ambientado no reinado suevo e conta a frustrada conspiración contra o rei Hermengario o Xusto e o seu amor imposible con Alira, filla do Conde Elfe.

Valoración da obra

A súa lírica poderíase encadrar dentro da ideoloxía e intencións literarias que moven ós seguidores de Curros, pero tamén se percibe a pegada dun romanticismo brando nalgunhas das súas composicións. En todo caso, a súa breve produción non permite a adscripción a unha corrente determinada.

Se pensamos que a maioría dos narradores galegos cultivaron maioritariamente os rexistros realista e costumista, aínda que tamén é certo que contamos con numerosos exemplos de romanticismo retardado; resulta chamativa a presenza da novela histórica de formato breve que cultivou Manuel Lois Vázquez.

27. Parrafeo 155, 27 de novembro de 1886.

28. Parrafeos 173, 27 de marzo de 1887.

29. Parrafeos 181, 22 de maio de 1887 e 182, 27 de maio de 1887. Reproducido posteriormente en entrega única no semanario *O Galiciano*, 224, ano VI, maio de 1889.

30. Parrafeos 254; 18 de novembro de 1888; 255, 25 de novembro de 1888.

31. *O Galiciano*, parolas 228 e 229 de xuño de 1889 e 231 de xullo de 1889. Posteriormente, *O Tío Marcos d'a Portela*, parrafeos 301, 17 de novembro de 1889; 302, 24 de novembro de 1889; 303, 1 de decembro de 1889 e 304 de 8 de decembro de 1889.

32. Editada nos números 35, 31 de maio de 1890; 37, 14 de xuño de 1890; 38, 21 de xuño de 1890; 40, 5 de xullo de 1890; 42, 19 de xullo de 1890; 44, 2 de agosto de 1890; 45, 23 de agosto de 1890; 47, 23 de agosto de 1890; 49, 6 de setembro de 1890; 51, 19 de setembro de 1890 e 52 de 27 de setembro de 1890.

Estas pezas son un exemplo das correntes estéticas dominantes naquel momento na nosa literatura e por outra banda constitúen un interesante documento histórico-etnográfico, pois as dúas novelas históricas «Alira de Elfe» e «A reina loba» recollen a historia dos reis suevos dende o reinado de Withigavo ata os seus netos Hermengario e Genserico. Manuel Lois reelabora os datos ó respecto recollidos na obra de Benito Vicetto *Los Reyes Suevos de Galicia*³³. Como sabemos, a do autor lucense é unha historia novelada, como el mesmo recoñece no libro:

Nuestra obra es, más bien que hija de los analistas y cronicones antiguos y modernos, publicados ya, hija de las memorias y tradiciones no publicadas aún... Nuestro trabajo, nuestro mérito no está más que en la forma y nutrición de la obra: su osamenta está en los manuscritos de los padres maestros de un monasterio de Galicia (...)

Advertimos pois a falta de precisión nos datos históricos narrados e a relevancia do interese literario que presentan estas dúas lendas do autor masidao, pola súa inserción dentro das inquedanzas artísticas daquel momento. Obsérvanse trazos propios do Romanticismo e a aplicación dos xogos inventivos da fantasía ó terreo histórico, todo o cal manifesta un desexo de afirmarse e de refuxiarse con realismo no pasado, por descontento co presente. Semella que, para o autor, os sucesos sabidos polas historias deben ser vivificados mediante a arte de narrar. Esa necesidade de buscar un pasado lendario e afastado que propicie a fantasía e o desexo de mostrar a historia do país cuns trazos específicos e diferenciadores leva ó autor a recrear a estancia dos xermanos no territorio galaico. A ubicación específica na Limia, en Lugo, as coroacións no Pico Sacro, as constantes referencias ós restos aínda conservados na actualidade das construcións mencionadas, etc., constitúen un testemuño de autenticidade do que conta e contribúe a darlle consistencia a historia autóctona.

O seu interese dende o punto de vista etnográfico radica, dunha banda, na explicación dos costumes suevos (os deuses que veneran, o ritual da coroación no cume da montaña máis elevada, as leis sociais polas que se rexen que lle permiten ó esposo matar á súa dona se a descobre cometendo adulterio, a morte civil dun cidadán cortándolle o pelo e espíndoo publicamente, entre outros). Doutra banda tamén se recollen tradicións como a de acudir a unha romaría coa comida para xantar nunha carballeira, a carga de superstición que envolve ós cruceiros situados nos cruces dos camiños, etc.

Centrándonos no aspecto literario, destacaremos o interese da súa produción para coñecer cáles foron as manifestacións artísticas desta época en Galicia e as súas características así como os posibles vencellos cos movementos foráneos. A este respecto sinalaremos que a elaboración de novelas de carácter histórico responde ó movemento do momento que buscaba recuperar a idiosincrasia de pobo que se recolle en autores coma Castelo Branco, Antoine-François Prévost, Manon Lescaut, etc. Debemos advertir, sen embargo, que tamén se perciben na súa produción a pegada do costumismo, dun romanticismo esmorecente ó que xa aludimos anteriormente, e mesmo das novelas de folletín.

33. Benito Vicetto, *Los Reyes Suevos de Galicia*, A Coruña: Imprenta de Castor Míguez, 1860, pp. 79-80.

Recóllese, doutra banda, a pegada do rexionalismo e do popularismo, movementos ambos en plena vixencia no momento.

Estructura dos seus relatos

Editorialmente, ós relatos aparecen estruturados en capítulos, pois así figuraban nos diferentes números da revista onde foran publicados. A novela *Alira de Elfe* presenta a particularidade de engadir un subtítulo para cada un dos seus capítulos.

Un amor imposible é o tema de tódalas súas narracións. A morte é o impedimento desa relación na peza «Recordos». O casamento precipitado da moza por imposición familiar será a causa do conflito en «¿Amarte?... ¡Sempre!» e «O Cruceiro de San Lourenzo». Nas novelas, os motivos son máis complexos. Alira, ama a Hermengario, que mandara asasinar a seu pai, e isto provócalle sentimentos contradictorios. A morte deste perpetúa o sentimento amoroso que marcará a súa liña vital. A composición «A Reina Loba» acada unha maior cualidade estética e unha trama máis elaborada. A súa protagonista, Oaria, filla do Conde Deza, ve cómo remata o seu amor con Acelo tras ser asasinado polo seu pai. Posteriormente será repudiada polo esposo e mesmo polo seu amante, o que a conduce ó suicidio levada da desesperación.

Polo que se refire ó narrador, temos que sinalar novamente o maior nivel cualitativo nas novelas, onde un narrador omnisciente é quen nos transmite os feitos, intercalando fragmentos dialogados das personaxes. A súa primeira composición, que leva por título «Recordos», é autobiográfica e constitúe o único exemplo de narración en primeira persoa deste autor. Aínda que o caso da lenda «O Cruceiro de San Lourenzo» é o máis chamativo, pois o narrador transmítenos a historia que lle fora contada a el por unha velliña de Lentille. Isto lévao a precisar tamén o tempo no que se desenvolveu a mesma e que el sitúa en Cuñas no ano 1810. Esta advertencia da verosimilitude do relato será o antecedente das numerosas anotacións rexistradas nas súas novelas históricas, que a pesar de estaren distanciadas cronoloxicamente el trata de aproximalas espacialmente mediante constantes referencias ós restos aínda hoxe conservados en Galicia daqueles feitos que nos está a narrar.

Os aspectos espacio-temporais son moi variados, de xeito que a peza «Alira de Elfe» está ambientada no Lugo do Século V, mentres que a lenda «O cruceiro de San Lourenzo», por exemplo, desenvólvese no ambiente rural contemporáneo -ubicada en Cuñas no 1810. Temos que salientar os trazos románticos que caracterizan a ambientación espacial das súas narracións: castelos, salas nobres, xardíns palacianos, onde se desenvolven veladas amorosas, paseos, etc., fronte a torres dende onde se precipitan as personaxes, covas onde se conxuran para matar o seu rei, celas onde se castiga os príncipes, lagos onde se afofan os namorados levados da desesperación, etc. A ambientación propia do Romanticismo deixa aquí a máis forte pegada.

As personaxes non reflicten as diferencias lingüísticas que podían suporse na sociedade galega daquel momento. A súa lingua é sempre coidada: reis, nobres, médicos e curas, que son os persoaxes máis abundantes nas súas composicións,

pero tamén labregos, soldados, etc., falan todos de igual xeito, non se rexistran as variacións diastratáticas esperables. Neste sentido, a Lois Vázquez non lle importou que os seus textos faltasen ó principio de verosimilitude, pois unha personaxe pertencente ó ámbito urbano non sería esperable que se expresase en galego. Como apunta o profesor Anxo Tarrío³⁴, a estética costumista e realista que imperaba na produción narrativa do momento, restrinxo a temática dos escritos ó ámbito rural e suburbano onde o galego é lingua de comunicación maioritaria, senón única. O noso autor situaríase neste sentido, na liña de Álvarez de Nóvoa, que protestou por esa teima de restrinxir o uso do galego para textos que teñen a súa ambientación no medio rural. Pensemos tamén que as dúas novelas históricas están ambientadas no reinado suevo de Hermengario, a principios do século V, logo a problemática lingüística non é a mesma que a do século XIX.

Resumindo: os aspectos formais das súas novelas históricas alcanzan un nivel cualitativo bastante maior que os restantes relatos de Manuel Lois Vázquez, aínda que todos eles son un interesante testemuño das tendencias artísticas daquel momento.

Teresa Monteagudo
Centro de Investigacións
Lingüísticas e Literarias
«Ramón Piñeiro»

34. Anxo Tarrío Varela, *Literatura Galega. Aportacións a unha Historia crítica*, Vigo: Edicións Xerais, 1994, pp. 180-182.